

## ANUNCIO

### CONVOCATORIA DE COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE TRABAJO

En cumprimento das peticións efectuadas polos responsables de diferentes Servizos, convócanse para a cobertura temporal, a través de comisións de servizos, os seguintes postos de traballo:

- Postos **abertos exclusivamente a persoal funcionario do Concello da Coruña**:

1. Técnico/a Medio/a de tratamento da información (Servizo Xestión Tributaria), referencia 105
2. Técnico/a Medio/a de información (Servizo de Atención Cidadá e Interior), referencia 2082
3. Secretario/a de Concelleiro/a (Departamento de Alcaldía), referencia 34
4. Secretario/a de Dirección (Departamento de Alcaldía), referencia 48

-Postos **abertos a persoal doutras Administracións Públicas**, de acordo cos requisitos da RPT e as Normas de Xestión:

1. Técnico/a Superior de Dirección (Área de Economía, Facenda e Réxime Interior), referencia 2161

As características dos postos indicados, segundo a RPT, figuran na táboa detallada máis abaixo.

O persoal funcionario de carreira que cumpra os requisitos esixidos na RPT e que queiran participar nesta convocatoria deberá presentar a correspondente solicitude (Anexo I e II) nun rexistro municipal ou sede electrónica, acompañada dun currículo, no **prazo de 5 días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no xestor de contidos ALFRESCO e na sede electrónica municipal.

### Táboa cos postos convocados

Servizo	Cod.Uni d Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Req. Esp.	Element. Espec.	FP	Adm.
Xest. Tributaria	GT0000	Xest. Tributaria	105	T. Med. Trat. Inf.	A1/A2	22	AE	5305;4305	FR09 ED	C	AY
At. Cidadá e In.	IT2600	Tel. 010 e Rel. Cid.	2082	T. Med. Informac.	A2/C1	22	AE		FR09 ED	C	AY
Depart. Alc.	GA3000	Secret. Concell.	34	Secret. Concell.	C2/C1	18	AX/AE		FR06 ED	LD	AY
Depart. Alc.	GA3000	Secret. Dirección	48	Secret. Dirección	C2/C1	18	AX/AE		FR06 ED	LD	AY
A.p. Dirección	AD0000	A.p. Dirección	2161	Tec. Sup. Dirección	A1	28	AX/AE		FR14 ED	CE	TD

Observacións: Os/as funcionarios/as doutras Administracións poderán ocupar os postos de traballo indicados con (TD) sempre que cumpran os requisitos establecidos na RPT e sexan titulares dunha praza igual ou equivalente a unha praza do cadro do persoal municipal.

Nota.- Achéganse os modelos de **Solicitude** (Anexo I) e de **Declaración responsable** (Anexo II) que deberán cumprimentar a persoa que participe nesta convocatoria.